

## ACORDO DA COAP DO 30 DE XULLO DE 2018 SOBRE A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE PROMOCIÓN INTERNA A CATEDRÁTICA/O DE UNIVERSIDADE NO ANO 2017 E A CREACIÓN DAS PRAZAS CORRESPONDENTES

No Consello de Goberno que tivo lugar o 21 de marzo de 2018, aprobouse o procedemento e os criterios de selección das áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de promoción interna a Catedrática/o de Universidade no ano 2017, delegando na Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), a selección das áreas de coñecemento e a creación das prazas correspondentes.

En aplicación deste acordo de Consello de Goberno e unha finalizado o prazo de alegacións, a COAP na sesión do 30 de xullo de 2018, tomou o seguinte **ACORDO**:

- 1) Aprobar a convocatoria e a creación de **sete prazas de catedrática/o de universidade** atendendo ao procedemento do criterio I e a convocatoria e creación de **trece prazas de catedrática/o de universidade** atendendo ao procedemento do criterio II, nas áreas de coñecemento relacionadas no **anexo I**.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.


As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 30 de xullo de 2018

O presidente da COAP



Manuel Ramos Cabrer



ANEXO I.

1-Relación definitiva, por orde alfabético, das áreas de coñecemento seleccionadas, unha vez aplicado o criterio I  
(CG 21/03/18)

ÁREA,	DPTO	CAMPUS
DEREITO FINANCEIRO E TRIBUTARIO (150)	DEREITO PÚBLICO ESPECIAL (X13)	OURENSE
ECONOMÍA APLICADA (225)	ECONOMÍA APLICADA (X06)	VIGO
ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAFOMETRICA (505)	ENXEÑARÍA DOS RECURSOS NATURAIS E MEDIO AMBIENTE (T06)	PONTEVEDRA
ENXEÑARÍA QUÍMICA (555)	ENXEÑARÍA QUÍMICA (T04)	VIGO
FÍSICA APLICADA (385)	FÍSICA APLICADA (T08)	VIGO
HISTORIA E INSTITUCIÓNS ECONÓMICAS (480)	FUNDAMENTOS DE ANÁLISE ECONÓMICA E HISTORIA E INSTITUCIÓNS ECONÓMICAS(X08)	VIGO
MATEMÁTICA APLICADA II (596)	MATEMÁTICA APLICADA II (T17)	VIGO

2-Relación definitiva, por orde alfabético, das áreas de coñecemento seleccionadas unha vez aplicado o criterio II (CG 21/03/18)

ÁREA	DEPARTAMENTO	CAMPUS
BOTÁNICA(063)	BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO (C02)	OURENSE
CIENCIA DOS MAT. E ENXEN. METALÚRXICA (065)	ENXEÑARÍA DOS MATERIAIS, MECÁNICA APLICADA E CONSTRUCCIÓN (T05)	VIGO
DIDÁCTICA E ORGANIZACIÓN ESCOLAR (215)	DIDÁCTICA, ORGANICACIÓN ESCOLAR E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN (X04)	PONTEVEDRA
ENXEÑERÍA TELEMÁTICA (560)	ENXEÑERÍA TELEMÁTICA (T13)	VIGO
ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA (265)	ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA (C05)	VIGO
FILOLOXÍA INGLESA(345)	FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESA E ALEMÁ(H04)	VIGO
FILOSOFÍA DO DEREITO (381)	DEREITO PRIVADO (X02)	OURENSE
HISTORIA DA ARTE (465)	HISTORIA, ARTE E XEOGRAFÍA (H05)	PONTEVEDRA
HISTORIA MODERNA (490)	HISTORIA, ARTE E XEOGRAFÍA (H05)	OURENSE
METODOLOXÍA DE CCAS. DO COMPORTAMENTO (620)	ANÁLISE E INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA (X01)	OURENSE
PERSONALIDADE, EVAL. E TRAT. PSICOLÓXICOS (680)	ANÁLISE E INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA (X01)	OURENSE
QUÍMICA ANALÍTICA (750)	QUÍMICA ANALÍTICA E ALIMENTARIA (C07)	VIGO
XORNALISMO (675)	PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E COMUNICACIÓN (X10)	PONTEVEDRA

